

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcaldesa-Presidenta en funcións:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP)

D. Marco López López (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausentes:

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte e catro de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións, D^a María Dolores Meitin Guerreiro, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2015 (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO) NÚM: 12/2015 POR IMPORTE DE 70.000'00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe

integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

DOLORES MEITÍN GUERREIRO, Alcaldesa-Presidenta en funcións do Concello de Xove,

VISTA a Providencia de Alcaldía desta mesma data pola que se ordea a incoación de expediente de transferencia de créditos.

VISTA a memoria elaborada pola Interventora Municipal na que se propoñen as partidas a incrementar e minorar como consecuencia do expediente.

VISTO o informe favorable emitido pola Interventora Municipal no que se establece asimesmo que, de acordo co disposto no artigo 40.3 do RD 500/90, de 20 de abril, a competencia do Concello-Pleno para a aprobación do citado expediente.

Polo presente PROPOÑO:

ÚNICO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 12/2015 de Transferencia de Créditos por importe de 70.000,00 euros, do seguinte xeito:

TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

PARTIDA A CEDENTE	DENOMINACIÓN DA PARTIDA	CRÉDITO A CEDER	CRÉDITO DA BOLSA	PARTIDAS INCREMENTAR	A AUMENTO PROPOSTO	FINALIDADE
-------------------------	----------------------------	--------------------	------------------------	-------------------------	--------------------------	------------

161.623 (P. 4/14)	Saneamento. Investimento en instalacións	70.000,00	289.385,85	323.622	60.000,00	Acondicionamento da escola infantil municipal (P. 31/15)
				491.609	10.000,00	Sociedade da información. Investimento en infraestrutura. (P. 32/15)
TOTALS		70.000,00			70.000,00	

Aberto o debate, pola Sra. Abad López explícase que as obras de acondicionamento da gardería teñen como obxectivo acadar unha unidade máis ó que suporá un aumento de seis alumnos na Escola Infantil de Xove, engadindo que se está intentando que a Xunta aprobe unha agrupación de unidades coa que se acadaría outro aumento máis na capacidade da Escola Infantil.

Pola Sra. Alcaldesa sinalase que a outra modificación ten como obxectivo solucionar o problema da deficiente recepción do sinal da TDT na parroquia de Portocelo, mediante a colocación de dous novos reemisores.

Polo Sr. López López preguntase cal é a partida da que se detraen fondos.

Pola Sra. Alcaldesa sinalase que se detraen da partida destinada a ampliación da EDAR de Caínzos.

Rematado o debate, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 12/2015 do Orzamento Municipal de 2015 por importe de 70.000,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dez horas e dez minutos da data indicada no encabezamento, levántase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,

O SECRETARIO,

Asdo.: M^a Dolores Meitin Guerreiro

Asdo. Luís María Fernández del Olmo

